



## Empadramento, normas xerais.

### Documentación xeral.

1. Folla de inscrición do padrón asinada pola totalidade das persoas maiores de idade.
2. Copia do Documento Nacional de Identidade dos maiores de idade.
3. Copia do libro de Familia ou documento que acredite a garda e custodia dos menores.
4. Copia de xustificación da utilización da vivenda.

### Altas.

#### *Por omisión:*

1. A totalidade dos reflectidos na documentación xeral.
2. Solicitude de "alta no Padrón Municipal", facendo constar que non figuran ou descoñecen se figuran inscritos no Padrón de Habitantes doutro municipio ou consulado.

#### *Por cambio de residencia procedente doutro municipio ou consulado no estranxeiro:*

1. A totalidade dos reflectidos na documentación xeral.
2. Solicitude de "alta no Padrón Municipal", facendo constar o municipio ou consulado de procedencia.

#### *Por nacemento:*

Unha vez inscrito o nacemento no Rexistro Civil, o Concello realiza a alta de oficio cos datos que lle facilita o INE (Instituto Nacional de Estatística).

Tamén se poderá dar de alta aos nados presentando a copia do Libro de Familia no Concello.

### Estranxeiros

#### *Altas:*

1. A totalidade dos reflectidos na documentación xeral.
2. Solicitude de alta no padrón con indicación do país de procedencia.
3. Copia da tarxeta de estranxeiro e, a falta desta, o pasaporte.
4. Copia da tarxeta de Identidade Nacional se son cidadáns de países da Unión Europea.

#### *Por cambio de residencia procedente doutro municipio:*

1. A totalidade dos reflectidos na documentación xeral.
2. Solicitude de alta no Padrón Municipal, facendo constar o municipio de procedencia.
3. Copia da tarxeta de estranxeiro e, a falta desta, o pasaporte.
4. Copia da tarxeta de Identidade Nacional se son cidadáns de países da Unión Europea.



## **Baixas.**

### *Defunción:*

Unha vez inscrita a defunción no Rexistro Civil o Concello realiza a baixa de oficio cos datos que lle facilita o INE (Instituto Nacional de Estadística).

## **Modificacións.**

### *Cambio de domicilio no propio concello:*

1. A totalidade dos reflectidos na documentación xeral.
2. Solicitude de alta no padrón, cubrindo debidamente os cadros que conteñen a información do domicilio no que causa alta (nova vivenda).

### *Modificación de datos persoais:*

Presentarase copia do documento no que figuren os datos que se pretenden modificar: recibo do IBI (Imposto de Bens Inmóbles), escritura ou contrato de arrendamento, DNI (Documento Nacional de Identidade), partida de nacemento, Libro de Familia, título académico etc.

## **Desenvolvemento da xustificación da vivenda.**

Se na vivenda non figura ningunha persoa empadroada xustificarse a súa utilización proporcionando indistintamente os seguintes documentos en función dunha vivenda en réxime de propiedade ou alugueiro.

### *Vivenda en propiedade: (é suficiente con entregar un dos 3 documentos)*

1. Copia da escritura ou documento privado de compravenda.
2. Copia do último recibo dos gastos de comunidade.
3. Copia do contrato ou último recibo dalgún dos servizos de: auga, gas, telefonía ou seguro do fogar no que figure o domicilio a nome de, polo menos, unha das persoas que solicitan o empadroamento.

### *Vivenda en alugueiro: (é suficiente con entregar un dos 3 documentos).*

1. Copia do contrato de alugueiro, cunha antigüidade máxima de cinco anos.
2. Copia do último recibo de alugueiro, cunha antigüidade máxima de seis meses.
3. Copia do contrato ou último recibo dalgún dos servizos de: auga, gas, telefonía ou seguro do fogar no que figure o domicilio a nome de, polo menos, unha das persoas que solicitan o empadroamento.

Se na vivenda figuran persoas empadroadas presentarase o Documento Nacional de Identidade orixinal de calquera dos habitantes desa vivenda, que sexa maior de idade e a súa sinatura na folla de inscrición do padrón.



## Empadramento. Obtención do volante ou certificado

### Certificados de padrón e convivencia

1. Impreso de solicitude cos datos do interesado ou cos de calquera persoa que figure empadrado no mesmo domicilio.
2. Se se trata dun menor, presentárase a copia do Libro de Familia ou documento que acredite a súa garda e custodia.
3. Aboar as taxas establecidas.

A solicitude poderá formulala un representante presentando o orixinal do Documento Nacional de Identidade do interesado ou unha autorización del e achegar fotocopia dos documentos nacionais de identidade de ambos.

### *Certificado dunha persoa falecida:*

1. Impreso de solicitude no que o petionario deberá figurar empadrado no mesmo domicilio có falecido antes da defunción.
2. Copia do documento Nacional de Identidade do defunto ou acreditar un interese lexítimo no trámite, exhibindo o Libro de Familia, testamento, declaración de herdeiros ou documento análogo.
3. Se non se puidese entregar algún dos documentos anteriores e, sempre e cando o falecido estivese empadrado co solicitante, o DNI deste último.

### Volantes de empadramento

Entréganse no momento da petición polo propio interesado, presentando unha fotocopia do Documento Nacional de Identidade, libro de familia, pasaporte, carné de conducir ou documento identificativo de carácter público e valor análogo.

Quen acredite un interese lexítimo (en principio, as autoridades públicas e os xuíces e tribunais) pode solicitar o volante de empadramento doutra persoa.

Cando o interesado non o realice persoalmente, a persoa que o representa deberá presentar a copia do Documento Nacional de Identidade do representado, no seu defecto Libro de Familia ou documento substitutorio de análogo valor.